

COMUNICADO DO II CONGRESO DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA

a voz do pobo

Proletarios de todos os países unívenos!



ARCHIVO

ORGÃO DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA - Ano V - Nº 14 - 5 SEPTBRE 1.973 - 8 Pts.

N

Celebrouse o II Congreso do Partido Comunista de Galicia co siguiente orden do dia:

1º.- Informe do Comité Central sobre a situación política-social de Galicia e as tarefas do Partido. Informante: Santiago Alvarez.

2º.- Informe sobre os problemas de organización e as modificacíos ós Estatutos. Informante: Antón Riveiro.

3º.- Proposición pra elaboración do Programa do Partido. Informante: Xosé Lameiro.

4º.- Elección do Comité Central.

O debate sobre o primeiro punto do orden do dia, no que interviñeron 32 camaradas, puxo de manifesto a sólida unidade do Partido e a identificación coa sua política.

O informe do C.C., os demais informes, así como as modificacíos ós Estatutos, foron aprobados por unanimidade.

Eixeuse unha comisión que redatará un novo projeto de Programa que será sometido á mais amplia discusión das organizacíos do Partido, ós movementos de masas e os medios democráticos e progresistas de Galicia.

O II Congreso aprobou unha resolución política e un chamamento dirixido o pobo galego.

Finalmente, elixeun un amplio Comité Central cunha composición social maioritariamente obreira. Na sua primeira reu-

nión, o Comité Central elixe o camarada Santiago Alvarez secretario xeneral do Partido, un Comité Executivo e un secretariado.

O concluir as suas tarefas, o II Con-

Chamamento do II Congreso do P. C. de Galicia ó pobo galego

Un novo clima político respirase na nosa terra; unha concencia da necesidá de incorporarse á loita vaise espallando a todos os seítors sociais.

Nos seus trinta e sete anos de existencia, a ditadura feixista amosouse como a pior enemigo do noso pobo. No económico, causando a ruina do noso campo e mantendo á industria nun evidente raquitismo, o réximen condenounos ó sudezenrolo, a que continue e se intensifique a emigración.

No político, someténdonos a unha brutal opresión, ó impedir o exercicio dos dereitos más elementales, e o do noso pobo a decidir por si mesmo o seu propio destino.

—misións e aglomerados en entidades locais —galizadas en conxectos asentados polo seu e compoñentes conformantes ab dous tipos gres do Partido Comunista de Galicia —acordou dirixir un caluroso saudo á camarada Dolores Ibárruri, ó camarada Santiago Carrillo, que interviu no Congreso, e o Comité Central do Partido Comunista de España.

Tras as importantes aicións realizadas pola clase obreira e o pobo galego e a acentuación da represión en Galicia, a celebración do II Congreso do seu Partido, mostrou os progresos deste desde a sua constitución e o seu sólido asentamento entre a clase obreira e demás seítors populares; a orientación dos seus militantes a penetrar mais profundamente as realidades nacionais galegas e a realizar os máis altos esforzos pola amplia unión de todas as forzas de oposición á ditadura, pola consolidación do gran Partido Comunista de masas que necesita o pobo galego na sua loita pola libertad, polo dereito de autodeterminación, polo socialismo.

II Congreso do P.C. de Galicia

Galicia, 25 Agosto 1.973

No nacional e cultural, o réximen tratou de eliminar a nosa personalidade, as nossas peculiaridades nacionais: o idioma-galego, nosas tradicíos, noso dereito e, en xeral toda a nosa cultura foi sistemáticamente inogara e moitas veces perseguida.

Perante istos anos sufrimos todo tipo de abusos, inxusticias e hasta humillacións. Pero o asesinato dos dous traballadores ferrolans en marzo de 1972 e a mobilización de protesta producida foi un aldabonazo que nos puxo en pé. Galicia dixo: IBASTA!

As heroicas folgas dos obreiros de Ferrol e Vigo, as magníficas aicións dos —



universitarios de Santiago, a resistencia dos nosos campesinos, as combativas mobilizacions de mariñeiros pescadores e mariscadores, das nosas mulleres, da nosa xuventú, as profundas correntes pro libertá de intelectuais e sektores profesionais, son unha boa proba da forza, combatividá, enerxia, que está empezando a desplegar a sociedá galega nas suas xustas loitas e porque se satisfaga o seu anseio de libertá política e nacional, de democracia.



A ditadura tennos medo. E trata de conter a avalancha empregando frente a nós, dunha parte, a represión, doutra falsas promesas. A represión manifestase na tortura, a detención, o despido, o expediente disciplinario e, sobre todo, os xuicios políticos: os consellos de guerra, o Tribunal de Orden Público e deixa a Audiencia Territorial serviron o franquismo pra descargar o seu odio contra obreiros, campesinos, estudiantes, intelectuais, que se destacan pola sua vale rosa atituación nas loitas. Proba deles son os 22 anos de cadea que se piden para Rafael Pillado e outras peticións semillantes pra varios traballadores mais da Bazán, os longos anos de cadea a que se intenta condenar a Manuel Pillado e os pescadores ferrolans, os xuicios previstos contra folguistas vigueses.

O mesmo tempo, nunha maniobra demagóxica, que non engaña a ningunén, o franquismo quere apparentar que se sinte preocupado pola desastrosa situación económica de Galicia. Logo de deceas de anos de abandono, o réximen fai agora, a toda presa, inútiles esforzos pra demostrar a sua aparente preocupación polos nosos problemas. Nesa liña está a creación de se istruemento menor do capitalismo monopolista de Estado, dese organismo burocrático, chamado SODIGA e outras promesas.



Dentro da sociedá capitalista nunca o noso pobo podrá salir da situación de dependencia en que se move a nosa economía, respeito á oligarquía española (da que forma parte unha minoría galega). A solución que existe a nosa circunstancia alcanzarase no momento en que os centros do poder político e económico empecen a estar nas mans das clases populares, ou sexa, cando conquistemos en Galicia e en España a democracia antimonopolista e antilatifundista, o dereito de autodeterminación, o socialismo.

Esa situación de dependencia está, en gran medida, encuberta hoxe por un problema que se sitúa en primeira fila: a opresión política e nacional a que está sometida Galicia. A existencia da ditadura e, pois, o primeiro obstáculo a barrer pra poder abordar, sobre novas e efectivas bases, o problema do sudesteño 10.

As loitas que vivimos e seguimos vivindo teñen todas un denominador común: A ansia popular de libertá. Iste desexo xeneral enfrentase coa ausoluta falta de libertades a que está sometido o noso pobo, choca de frente coa ditadura.

O franquismo nunca devolverá polas boas, o que lle arrincou ó pobo con tanto sangue: a libertá. Por iso os que fan dunha posible evolución do réximen hacia unha maior apertura política, son unhos ilusos ou minten descaradamente. A cuestión, e mais despois do nomeamento de Carrero Blanco, está clara: ou hai democracia ou hai ditadura.

O réximen soio se irá cando o dotemos, e decir, cunha revolución política. Pero pra facer esa revolución política coa máxima garantía de éxito e co mínimo de violencia, é preciso non somentes incrementar a loita popular, senón tamén conseguir que se unan todas as forzas sociales interesadas por unha ou outra razón, en conquerir a democracia. Fai falta o Pacto pola Libertá.

Precíse un acordo das classes populares con diferentes capas burguesas. Iste acordo tería que establecerse sobre os seguintes cinco puntos:

- Goberno Provisional de amplia coalición.
- Amnistía.
- Libertades políticas sin discriminación.
- Eleccións a Cortes Constituyentes que decidirán o carácter do futuro régimen político.
- Autonomía para Galicia.

Cada seitor social debe enfocar as suas loitas cara a un objetivo común: A Folga Nacional de toda a sociedá e a concreción desta alternativa democrática. Soio así darase ó traste coa ditadura e estableceranse en Galicia e en España as libertades.

Nesa perspectiva o II Congreso do Partido Comunista de Galicia, chama a toda a sociedá galega a participar na lucha, partindo dos problemas concretos de cada seitor, a intensificar, estender e coordinar as ações de protesta dun xeito cada vez mais amplio e combativo deica facer realidade a Folga Xeneral obreira e a Folga Nacional a nivel da nosa nacionalidade.

O II Congreso do Partido Comunista de Galicia chama a todo o pobo galego, a todos, a todos, a marchar cada vez más vincellados hacia a Folga Nacional.

i Polas libertades políticas, a autonomía e o dereito de autodeterminación de Galicia!

i Pola democracia político-social. Polo socialismo!

i Viva a Folga Nacional!

i Viva o pobo galego!

II Congreso do Partido Comunista de Galicia.

Agosto de 1.973

RESOLUCION POLITICA DO II CONGRESO DO P.C. DE GALICIA

RETROCESO DO IMPERIALISMO. SOLIDARIDA CO VIETNAM

A derrota dos imperialistas yanquis no Vietnam agrava a crisis xeneral do imperialismo e acelera o histórico proceso de marcha dos pobos hacia o socialismo. Hai que imponer ós imperialistas yanquis e os seus lacaios a aplicación efectivados acordos de Paris, que se poña fin á criminal agresión contra Camboya. Continuar prestando a maior axuda ós pobos de Indochina sigue sendo unha tarefa primordial, a pedra de toque do internacionalismo proletario.

RESOLVER A CONTRADICION FEIXISMO-SOCIEDA ESPAÑO-ESTADO CENTRALISTA E NACION GALEGA

A contradición fundamental da sociedá española hoxe é a que existe entre o proletariado e a burguesía. Dita contradición resolverse coa revolución socialista. Facer esa revolución, construir o socialismo e o comunismo é a nosa meta.

Pro pra resolver esa contradición fundamental e necesario resolver outras duas contradicciones de carácter xeneral: entre o capitalismo monopolista e o seu Estado e as forzas sociales que van dende a clase obreira a burguesía non monopolista, e a que existe entre a sociedá española e as necesidades do seu desenrollo moderno e o actual réximen feixista.

O mais urgente e imperioso e resolver esta última contradición. Sin elo non é posible abrir a vía pra resolver as demais contradicciones.

Inserta nesas contradicciones xenerales está a que enfrenta á nación galega, carente de dereitos, co Estado feixista — centralista da oligarquía, base ouxetiva do problema nacional da Galicia.

A solución desta contradición lograra se resolvendo as xa mencionadas contradicciones xenerales. A loita do pobo galego — pola conquista das libertades políticas e a autonomía de Galicia; polo derecho de autodeterminación; pola democracia antimonopolista e antilatifundista, polo socialismo, fundese coa loita de todos os pobos de España nunha común aspiración — que ten un mesmo ouxetivo.

ACABAR COA DITADURA, COR-TAR O CONTINUISMO, CONQUERIR AS LIBERTADES

O desenrollo do movemento obreiro, estudiantil e de profesionales; os progresos unitarios das forzas democráticas; a acentuación da presión neocentrísta; o aillamento dos ultras; o enfrentamento cada vez maior da Eirexa co poder; a agravación das contradicciones no seo do equipo ministerial, caracterizaron a situación política e social que precedeu á última crisis.

Co nomeamento de Carrero como xefe de Gobierno, Franco cedeu unha parcela do seu poder. Esa manifestación de declive-

do ditador, de debilitamento do seu réximen, eisprea por outra parte a decisión de que a sua ditadura feixista se prolongue despois da sua morte. Cando toda España clama por cambios, a constitución do Governo Carrero demostra a profunda simpatia entre a España oficial e a España real, que ten como símbolo nos deradeiros meses a gran folga xeneral de Pamplona.

A constitución do Governo Carrero entra en contradición co conxunto da sociedad que se hacha en movemento e eisixe cambios. O réximen ó seguir negando a posibilidade de apertura, reduce a sua base social, debilitase e ouxetivamente facilita o terreo pra que se amplie o abanico de forzas que se lle enfrentan. Descalificanse de modo mais radical as pretendidas solucions do neocentrismo.

A táctica política das forzas obreiras, populares e democráticas é intensificar a loita contra da ditadura, pola rotura da continuidá franquista, por atraer á oposición a todos que sinten necesidá de cambios, incluidos os que onte confiaban nóstros e hoxe ven que desde o réximen non é posible a evolución hacia a libertad e que é necesario chegar a esta por outra vía.

O AMBIENTE POLITICO-SOCIAL DE GALICIA CAMBIO. QUE A LOITA ALCANCE UN NIVEL SUPERIOR

A partir das xornadas de marzo de 1972 no Ferrol, o ambiente político-social de Galicia cambiou. A clase obreira

galega sitúase nas primeiras filas da loita que libra o proletariado de toda España.

O calor das loitas obreiras, estimulada por éstas e polas que teñen lugar no concxunto do Estado español, a sociedá galega púxose en pé. A aición dos pescadores e mariscadores, dos campesinos, dos estudiantes, intelectuais e profesionais, das forzas da cultura, moi especialmente dos abogados; da muller galega, da nosa xuventú, anque con graduacíos distintas, adequireu un novo nivel.

A partir deste o pobo galego, coa sua combativa clase obreira o frente, as forzas do traballo e da cultura, todos os partidos e grupos de oposición, debemos de loitar en primeira liña contra do continuismo feixista. Debemos de desenmascarar tamén as pretendidas soluciós neocentristas. Estas non ofrecen á sociedá galega mais que o actual, con certos retoques de fachada. O desenrollo do movemento de masas, a intensificación do esforzo pola unidá da oposición, orientados contrá do réximen e a sua continuidá deben, o propio tempo, desbordar o neocentrismo galego, restarlle forza, supralo e facelo inoperante.

Os cambios habidos na Eirexa galega deberan servir pra que ésta apoie decididamente á Galicia que emerxe na loita pola libertá.

CONTRA DA REPRESION.

POLA AMNSTIA

A represión aplicada sistematicamente polo réximen non pudo paralizar a loita de masas. Tampouco impideu o desenrollo dos fautores que levaron á situación político-social esbozada. Pra continuar elevando o nivel dessa loita, é necesario e urgente unha aición antirrepresiva — mais vigorosa, xa que nos derradeiros tempos a represión intensificouse. Asesinatos de obreiros e xóvenes en Galicia,

Cataluña, País Vasco, Madrid; mostruosos procesos contra dirixentes obreiros, decenas de procesados pola folga xeneral de Vigo e aíciós semellantes; intensificación das torturas pola Brigada Político-Social; despidos en masa de traballadores; consellos de guerra contra obreiros por motivos laborais; reforzamento do carácter feixista de certas leies, como acontece co projeto sobre Colexios profesionais; desbordamento do propio marco-xurídico-legal do sistema.

Esa situación exixe que a aición antirrepresiva sexa unha bandeira de loita de todala clase obreira, de todala oposición, de todos os pobos de España. Nestos intres impõe arreciar a loita pola libertad de Camacho e dos demais encartados no seu proceso. Mediante a sua movilización o pobo galego debe lograr que as mostruosas peticiós de condena pra Pillardo, Aneiros e demais compañeiros sexan retiradas, arrancando a sua libertad, así como a de Amor Deus, Rioboo e demais condenados no consello de guerra do Ferrol. Hai que conseguir que sexa sobreseido o proceso que se sigue contra Manuel Pillardo e demais pescadores por defender os seus intereses; que sexan anulados os procesos ainda pendientes pola folga xeneral de Vigo; que sexan postos en libertad os que foron condenados por participar en dita folga.

Toda a opinión galega, incluída a Eirexa, debe movilizarse pola libertad dos presos e perseguidos, por unha amnistía general pros presos e exiliados políticos.

tú os progresos unitarios das forzas de oposición hacia o Pacto pola Libertad.

Proba deses progresos son as diversas reunións efectuadas xa polos organismos de promoción e coordinación unitaria de casi toda España. Valor de exemplo adquiere esta unidá en Cataluña, coa sua coordinadora de forzas políticas e a sua asamblea nacional catalana.

O Pacto pola Libertad é necesario para resolver a contradición ditadura feixista-sociedad española.

O Pacto entraña un acordo entre todas as forzas de oposición pra ofrecer, como salida á actual situación, unha alternativa democrática basada nos seguintes puntos:

- Goberno Provisional de amplia coalición.
- Amnistía.
- Libertades políticas sin discriminación.
- Eleccións a Cortes Constituyentes, que decidirán o carácter do futuro réximen político.

O Pacto é unha converxencia política entre forzas representativas de clases sociales distintas e hastra antagonistas, como son o proletariado e un importante sector da gran burguesía. É un compromiso dun inter historico dado e pra lograr un ouxetivo concreto: acabar co réximen feixista de Franco, conquerir a libertad.

Nin a clase obreira soia, nin as forzas do traballo e da cultura, nin un blo que ou "frente" de forzas netamente de esquerda poderían conquerir hoxe ese ouxetivo. En cambio, fste si pode ser conquistado polo cúnulo de forzas susceptibles de aceutar o Pacto.

En Galicia, con unha coordinadora provisional na que forman varios partidos políticos e movementos socio-económicos de peso real, existe xa un comenza de unidá democrática. Mais esa unidá necesita abracer ás demais forzas políticas — que ainda non participan nela e a outros núcleos de opinión e institucións: Colexios profesionais, diversas asociacións, círculos e todas aquelas personalidades ou representacións de grupos económicos ou de seitor que sexan favorables ás libertades ou capaces de converxer, circunstancialmente, nese ouxetivo, coas forzas democráticas. O propósito común deberá ser dar forma concreta o Pacto Galego pola Libertad.

Os comunistas estamos dispostos a de-

GALICIA NECESITA O SEU PROPIO PACTO POLA LIBERTAD

O proceso de loita do pobo galego pola democracia, inscríbese no mais xeneral de todos os pobos de España. Neste proceso desempeñan un papel de primeira magni-

senrojar os máximos esforzos en favor de acordos unitarios a todos os niveles: local, provincial e de nacionalidade por medio da creación de coordinadoras, mesas democráticas ou calesquer outras formas de encontro e de diálogo.

O II Congreso do Partido Comunista de Galicia ó situar no centro da sua preocupación política a necesidade de lograr o Pacto, reafirmou as bases que os comunistas galegos, coincidindo cos grupos democráticos mais arriba mentados, viñeron propoñendo pro Pacto Galego pola Libertad. Estas bases consisten nos catro puntos antes enumerados e a autonomía nacional de Galicia.

Coestas as libertades políticas traduciranse en realidades mais concretas pro pobo galego.

O retraso no acordo de todas as forzas galegas de oposición na concreción da alternativa democrática, non soio é un freno pra que a loita de masas contra da ditadura realice novos e mais relevantes progresos, podería acarrear consecuencias moi negativas pro pobo galego na conquista dos seus dereitos, incluso cando exista un réximen de libertades. De ahí que o II Congreso considerase que xunto coa gran tarefa de preparar e levar a cabo a Folga Xeneral e a Folga Nacional, o redoblar os esforzos por lograr o Pacto, é unha gran tarefa obreira, popular, nacional e revolucionaria que emplaza a todos os nosos cuadros e militantes. Dada a nova situación político-social creada derradeiramente, cumplir esa tarefa é hoxe posible.

te réximen, da evolución das suas institucións, como pretendan os novos centristas, é imposible a democracia. Isto e o que deben comprender todos os que desexan que o réximen democrático se istaure en España.

A revolución política non e unha evolución; e un corte radical co queste réximen significa, que comenzará por desplazar o Goberno e o xefe do Estado e por establecer un Goberno Provisional de amplia coalición democrática.

A revolución política non será unha revolución socialista, sinón unha revolución de carácter democrático e nacional. Mais a sua realización cambiará radicalmente o horizonte político de España.

A clase obreira e demais traballadores, as forzas do traballo e da cultura, toda a oposición galega ó réximen, o pobo galego en conxunto, deben prepararse, ó unísono cos demais pobos do Estado español, facer realidá en Galicia esa revolución política.

O II Congreso ratificou a idea do Partido de que no intre crucial, as libertades políticas e nacionais han de ser impostas na nosa nacionalidade, pola aición das masas e a decisión das forzas de oposición, sin esperar pasivamente o que poida ocorrir na capital do Estado ou noutras nacionalidades.

A implantación das libertades políticas e nacionais, o desmantelamento sucesivo das institucións feixistas e o establecemento de novas institucións democráticas que respondan a voluntá do pobo galego ha de ser obra do pobo galego mesmo.

cional. A Folga Nacional concibese como unha forma moderna de levantamento popular e nacional contra do poder dominante, pra lograr desplazalo e, en definitiva, sustituilo por un novo poder.

O conceuto de Folga Nacional e propio do carácter democrático e nacional que toma hoxe a loita. Por elo, rebasa o marco da Folga Xeneral política do proletariado, que debe ser o seu primeiro protagonista, pra abarcar ós campesinos, estudiantes, intelectuais e profesionais e a todas as demais capas do pobo. Por estar dirixida contra da ditadura, a Folga Nacional pode incluso ter o apoio ativo de seítors empresariais e unha ou outra forma de apoio da Eirexa. E precisar lograr, ademais, que como ocorreu no Ferrol e despois en Vigo, o Exército non reprima ós que participan na folga e, si e posible, que unha parte, o menos, lle preste o seu apoio.

O II Congreso ratificou a opinión expresada xa anteriormente polo Partido de marchar en Galicia hacia a Folga Xeneral. Toda a nosa labor política e de axiación entre a clase obreira e as masas; todo o noso esforzo de organización, promoción e orientación das suas loitas reivindicativas; toda a nosa preocupación por mostrarles cómo defender mellor os seus intereses deben estar presididas pola idea de facer en Galicia a Folga Xeneral e a Folga Nacional. Mais pra facer que a Folga Nacional en Galicia sexa un feito fan falta, ademais de unha coñecenza favorable, entre outras as premisas siguientes: elevar o actual nivel organizativo e de conciencia do movemento obreiro en xeneral e das suas zonas mais atrasadas en particular; que se desenvole a acción reivindicativa; que, sobre esa base, cada seitor social elabore a sua propia esperanza, a sua plataforma de loita e trace a sua perspectiva confluyente cos demais seítors; que se concrete a nível de Galicia o Pacto pola Libertad e a anteriormente esposta alternativa democrática.

Na perspectiva da Folga Nacional, as esperanzas xa logradas nas loitas do Ferrol e Vigo deben ser completadas coas que ofrecen as loitas doutras partes de España e de fora das nosas fronteiras e ter previstas medidas que poden ser decisivas nunha loita desa envergadura. Trátase de paralizar o traballo, pero tamén de ocupar a rua e lugares estratégicos clave; de utilizar os medios de información de masas (radio, televisión e periódicos) ó servizo da Folga. Trátase de

A REVOLUCIÓN POLÍTICA

A necesidade e a urgencia de acabar coa ditadura feixista, impón a realización dunha revolución política. A partir des-

A FOLGA NACIONAL

Unha das premisas pra levar a cabo a revolución política é preparar e realizar a Folga Xeneral Obreira e a Folga Na-

crear órganos de lucha que transformándose en órganos de poder democrático, nun intere dado desplacen o poder oficial.

O EXERCITO NON DEBE ENFRENTARSE CO POBO

O Exército é un elemento de primeira-magnitú na actual correlación de forzas. Por elo é de vital importancia que non se enfrente co pobo. Tanto nos intreses decisivos da revolución política como agora, o Exército debe opoñerse a ser utilizado como força represiva.

O Exército deberá marchar xunto ó pobo pola libertá, non oponerse a voluntá nacional de cambios democráticos.

O ganar ós militares pra esa opción - plantexase en medida considerable en dependencia direita do diálogo entre as forzas que apoian a alternativa democrática e o Exército a través de múltiplas vías; e necesaria tamén a creación no seo déste de influentes organizacíós capaces de influir na masa de soldados e evitar que nun intre dado, poidan disparar contra do pobo.

E preciso ganarse ós seítores non ultras do Exército pro Pacto ou, o menos, lograr a sua neutralidá.

En Galicia os militares, por ser na sua maioría procedentes de Galicia misma, poden ser susceptibles de certos compromisos concretos. Eles son testigos do colonialismo económico e da opresión feixista centralista que sufre a nosa nación. Non debe perderse de vista esta circunstancia. É preciso esforzarse por convencerllles de que a mellor garantía para a existencia dun Exército moderno e nacional, capaz de defender a España frente a unha agresión exterior, será unha sociedade democrática.

!ADIANTE OS MOVIMENTOS DE MASAS

Unha tarefa central sigue sendo o lograr que os movimentos de masas se desenvolvan o máisímo, se interrelacionen de modo natural no plano social; que medre-ainda mais a sua combatividade e alcancen novos niveles; que cheguen a coordinar o mais posible a sua acción, creando así -condicións non soio pra Folga Xeneral proletaria a nivel de Galicia, sinón da Folga Nacional.

Nesa perspeitiva e primordial o papel da clase obreira, como vanguardia da sociedá galega, co movemento de Comisiós - Obreiras ó frente.

Os elementos da dinâmica da movilización das masas son fundamentalmente as reivindicacións concretas e inmediatas de cada seitor. Dita movilización impón -- mais que nunca a utilización das posibilidades legales e estralegales.

À interrelación eisistente entre as - loitas económicas e políticas, ou por - reivindicacións laborales e dereitos demo cráticos, como o demostraron Ferrol e Vi go, e unha das claves táíticas pra movi lizar ás amplias masas da clase obreira- e demais traballadores.

É a aición de masas, que os revolucionarios, os comunistas, debemos necesariamente encabezar, o principal motor que leva á mobilización de todo o pobo. Pro seu desencadeamento e capital o aproveitamento das cointuras favorables, que soio se perciben cando eisiste sensibilidad e receptividá e o Partido ten sólidos vínculos coas masas traballadoras, populares.

Debemos estimular a elaboración de plataformas reivindicativas, de programas de lotta de todos los movementos de masas. Señalamos como exemplo os programas da clase obreira galega e do Movimento Democrático de Mulleres ós que deberían sumarse, coas suas propias plataformas, o estudiantil e certos movementos profesionais.

nais. É da vital importancia a vinculación dos problemas da Universidá, do conxunto do ensino en Galicia, cos necesarios cambios político-sociales na nosa sociedade.

No campo é necesario traballar pola unidá de acción do Movimento de Comisións Campesinas con outras formas de movilización das masas que xa están tendo lugar e contribuir a incorporar ás suas plataformas aquellas reivindicacións mais sentidas que os propios campesinos plantexan, como son as relacionadas cos precios, a presión fiscal, etc.

Partimos da base de que o esencial hoyxe e que a loita dos movementos socio-económicos de masas polas suas propias reivindicacións, ademais dos logros concretos que poidan outer, deben servir pra abrir ancho cauce a un mais libre plantexamento das reivindicacións, logrando a satisfacción das mismas, pro cal requírese a libertad, a democracia, e para sua total consecución, a democracia política-social e o socialismo.

O PROBLEMA NACIONAL. PO- LA AUTONOMIA, POLO DEREI- TO DE AUTODETERMINACION DE GALICIA

O II Congreso prestou especial ó noso problema nacional. Ratificou a opinión do Partido de que a opresión nacional — que sufrimos radica na contradición ó comenza mentada entre o Estado feixista centralista e a nación galega, á que non se lle reconece o dereito de autodeterminación nin se lle permite disfrutar da menor autonomía.

Esa situación de sumisión política, de dependencia económica e de opresión cultural, incide en realidades tan dramáticas como as da emigración masiva, o sude senrolo e o difícil acceso do pobo á cultura, incluso o ensino oficial.

A represión nacional, ó manifestarse-multiplicicamente, no orden polftico, -

socio-económico e cultural, non resulta ser un problema mais. Afeuta o "ser" e o "vivir" do pobo galego, en sentido global. De ahí que a conquista dos centros de poder político de decisión, de que o pobo galego mesmo poida autogobernarse, decidir a sua voluntá, sexa unha das claves da sua liberación, da sua revolución, da sua democracia político-social, da sua marcha hacia o socialismo.

O logro das libertades políticas debe traducirse, por el, na autonomía para Galicia, que será xa unha conquista capital.

O II Congreso considerou que o Estatuto plebiscitado no 1.936 pola aplastante maoría do censo eleitoral de entón poidera ser a base fundamental, anque provisional, en que poida asentarse esa autonomía. Considerou tamén que o pronunciamento do Partido Comunista de España a favor dun Estado español federal, responde ó interes da clase obrera, das forzas democráticas e revolucionarias do conxunto dos pobos que constituyen dito Estado e por el ó interes do pobo galego. A federación será posible cando se reconeza a ditos pobos o dereito a auto-determinarse.

Consecuente coesa trayectoria, o II Congreso reiterou a necesidá de eisixir o desenrollo industrial de Galicia a nivel rexional; criticar e combatir o feito de que con organismos burocráticos do capital monopolista de Estado como o SODIGA e semellantes se pretenda confundir, e no fondo roubar, o verdadeiro desenrollo rexional industrial.

O Congreso acordou denunciar a intensificación do proceso de colonización que se está producindo na economía galega. Coincide en que pra que o desenrollo de Galicia non revista un caráter de espólio colonialista e sexa efectivo, necesítase un Estado de democracia político-social ou socialista.

Nembargantes, considerando que no desenrollo industrial, ademais da clase obrera e o pobo, está interesada a propia burguesía galega, ratificou a decisión da posible converxencia coesta pra reivindicar en común frente ó Estado feixista, ese verdadeiro desenrollo rexional, eisixindo á vez as libertades políticas e nacionais.

POR UN VERDADEIRO DESENROLLO INDUSTRIAL REXIONAL

O réximen intenta paliar a contradición entre a nacionalidade galega e o seu sistema centralista feixista utilizando promesas desenrolistas. Xa no pasado, o réximen fixo moitas promesas a Galicia, pro xamais as cumpliu. Esa é unha das razas da desilusión de certos seítors burgueses galegos, que deberían eisixir que o poder centralista cumprise o prometido.

Aitualmente, si se conceden a Galicia algúnhos créditos, de proietan certas inversiós, débese ante todo a loita da cla-

se obreira que, ó pelear polas suas reivindicacións, promoveu unha nova situación; débese a que a través do seu movemento de Comisións Obreras, eisixeo o desenrollo industrial, como unha reivindicación nacional na que está vitalmente interesada.

A necesidá de eisixir esa industrialización, foi esplícitada no Programa Provisional do noso Partido. O Partido Comunista de Galicia plantexou este problema con mais vigor e claridad que ningún outro grupo político.

Consecuencia estao tamén a parte que da misma representa a economía galega. España non pode permanecer ó marxe do proceso de integración que ten lugar na Europa Occidental. Pro ó caráter feixista do réximen actual fai a este incompatible coas cláusulas do Tratado de Roma. O propio tempo, pola sua propia debilidade, pola situación de precariega en que coloca o país, dito réximen non está en condicións de levar a cabo negociacións conditadas comunidá que fagan respetar os intereses de España. O problema, pois, fundamental que é preciso resolver pra que España poida, no seu dia, negociar a sua asociación coa CEE e acabar co réximen de Franco.

De ahí a aitutú adoptada o respeito polo VIII Congreso do Partido Comunista de España, que o II Congreso do Partido Comunista de Galicia ratificou. O Partido Comunista resolveuse no Congreso do Partido Comunista de España pronunciarase por un acordo de asociación ó Mercado Común Europeo que permitira ir progresando na cooperación cos países europeos a medida que as estruturas económicas do noso se renoven e alcancen a competitividá necesaria. O noso xuicio un Estado democrático terá que realizar esta tarefa apoiadose preferentemente no desenrollo do seitor público da economía. O Partido Comunista considera ademais que todo acordo que poidera establecerse nas mentadas condicións co Mercado Común Europeo ha de salvaguardar e defender os intereses dos traballadores españoles emigrados en Europa que hoxe representan o dez por cento da poboación ativa española.

O núcleo mais dinámico do capitalismo industrial de Galicia está interesado, como o conxunto español deste seitor, en que se eliminan os obstáculos que impiden a entrada de España na CEE, pra non quedar aillardados desa comunidá e poder ampliar a área dos seus mercados. Pro a suerte doutros seítors da nosa economía está considerablemente vinculada tamén ó que ocorre entre España e a CEE. Nos derradeiros tempos as importacións lácteas dos países que constituyen esa zona, viñeron contribuindo, xustificada ou inxustificadamente, a que unha gran parte do leite que se produce en Galicia, non fose recollido polas centrales leiteiras, co consiguiente e grave perxuicio pros campesinos produtores.

Nas discusións preliminares que se comenzaron en Bruselas, púxose de manifiesto que sin un Goberno disposto a defender ese seitor, frente á presión dunha

O MERCADO COMUN E GALICIA

Ante a integración europea o futuro da economía española está en xogo. En

na súa etapa a nivais altos planeados a produción, en xeneral escedentaria, con unha produtividá mais elevada, como é a da CEE, dito seitor sería arruinado.

A industria conserveira galega é outra das ramas da nosa economía afeutada polo sistema arancelario proteicionista establecido pola CEE pra terceiros países. Pro si con un réximen como o actual España fose admitida na CEE as conservas dos países que hoxe a constituyen, dispu-tarianlle á nosa incluso o mercado español, levando á maioría da nosa industria conserveira a ruina.

Outra causa será cando, con un Goberno democrático, apoiado polo pobo, capaz de defender os intereses de España, a nosa industria conserveira se haxa restrukturado e modernizado tecnicamente, entre outras fórmulas pola de potenciar un cooperativismo democrático e sexa estirulada e axudada por créditos do Estado.

Galicia e a parte de España da cal — eisisten nos países da CEE un número proporcionalmente maior de emigrantes. A necesidá de que todo acordo que poidera establecerse coa CEE salvaguarde e defendase os intereses dos españoles emigrados en Europa, coincide tamén co interese fundamental desta parte tan numerosa da poboación galega que circunstancialmente hásela emigrada.

Por todo elo o II Congreso constatou que o problema de asociación ou non de España a CEE ten incidencias moi directas na economía de Galicia, na situación dos seus traballadores, do conxunto do pobo. Tamén neste aspeito, o problema da libertad, da democracia, da eistencia dun Goberno que á cabeza do Estado sexa capaz de defender os intereses de España e que teña en Galicia a sua propia expresión autonómica, plantexase de maneira apremiante pro pobo galego.

A posición adoptada polo VIII Congreso, representa un importante paso pra lograr ese Goberno, xa que facilita a converxencia das mais amplias forzas sociais, interesadas nunha asociación de España á CEE.

POR UN GRAN PARTIDO COMUNISTA DE MASAS

O II Congreso marca unha nova fase da maduración política e consolidación orgánica do Partido Comunista de Galicia. O dinamismo con que o noso Partido irrumpe entre os mais amplios seítors populares, nun plazo de tempo breve, débese á xusteza da sua liña política, á capacidade dos seus militantes pra adecuá-la á realidá nacional galega en que se desenvolla e vincularse coas masas. Débese así mesmo, á estratexia seguida pra sua constitución orgánica.

A forza do noso Partido dimana dos seus principios marxistas-leninistas e da que lle dá a misma sociedá galega en que está xa enraizado.

O II Congreso manifestou ser consciente da enorme responsabilidade que o Partido Comunista de Galicia ten ante a clase obrera e o conxunto do pobo galego, respecto ó papel revolucionario que desempeña.

Dedicou por elo especial atención ó feito de que o profundizar na marcha hacia a Folga Xeneral e a Folga Nacional, lostrar o Pacto pola Libertad, concretar e dinamizar a alternativa democrática galega, preparar, en fin, as condicións da realización da revolución política, eixe un gran Partido de masas.

Lograr ese Partido é unha tarefa capital a cal deben aplicarse todos os militantes do Partido Comunista de Galicia, con verdadeira pasión revolucionaria.

Nesa perspectiva o II Congreso considerou necesario prestar unha atención política especial as decessas de miles de traballadores galegos emigrados na Europa capitalista que lles axude á defendendo os seus intereses e reivindicacións laborales e por dereitos político-sociales e culturais que non poseen e pra que, o propio tempo, se movilicen en favor da causa da libertad nacional e social de Galicia, única forma de contribuir eficazmente a resolver o problema emigratorio.

EL MUNDO OCUPA O ATOLIADO

POR UNHA GALICIA SOCIALISTA

O II Congreso ratificou a idea expresada no seu Programa Provisional de avanzar hacia o socialismo a través da etapa da democracia antimonopolista e antilatifundista, respondendo ás peculiares características de Galicia.

A sociedá socialista coa implantación dunha forma de poder equivalente á ditadura do proletariado —que concebimos pluralista e que será expresión e resultado da colaboración entre todas as forzas favorables o socialismo— suprimirá definitivamente as clases explotadoras, e —por elo as explotadas.

Ese poder, ó suprimir a explotación do home e dunha clase por outra, imprimirá ás libertades democráticas unha nova dimensión: asegurará ó pobo galego a —mais amplia democracia, a sua plena libertad nacional e social.

O logro dese apasionante oxetivo está dirixida a loita dos comunistas.

O II Congreso do Partido Comunista de Galicia.

25 de Agosto de 1.973

